



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZASETE DE FEBREIRO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/asD. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
D^a. MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
D^a: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos do día dezasete de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (20/01/2016).

Dáse conta das actas das sesións extraordinaria-urxente e ordinaria do día vinte de xaneiro do ano que andamos, que se aproban por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, do Plan de Aforro e Investimento (PAI 2016).

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan de Aforro e Investimento (PAI 2016)* aprobadas polo Pleno da Deputación con data 30/12/2015 e publicadas no BOP núm. 2/16, do 5 de xaneiro.

De acordo coas mesmas, propónse:


1º.- Participar no *Plan de aforro e investimento (PAI 2016)* da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



ENTIDADE BANCARIA	NÚMERO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
BBVA	9550281511	174.339,17

C)Resumo da aplicación do préstamo provincial:

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
A)Redución de endebedamento	174.339,17
TOTAL	174.339,17

2º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda para a que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

3º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4º.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde -Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia sinala que neste caso o equipo de goberno considerou destinar a achega deste plan á amortización dun préstamo bancario, co que non se incrementa a débeda municipal, senón que se cambia unha por outra, pensando na liquidez do concello e que para futuros investimentos é mellor así, de feito están a traballar para que os préstamos bancarios formalizados ata o día de hoxe queden eliminados nesta lexislatura.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE expón que o voto do seu grupo vai ser en contra por moitos motivos; que o endebedamento actual do concello é do 17%, cantidade máis que asumible e aceptable, que supón unha débeda viva de 100 euros/habitante que é a que existía máis ou menos no ano 2011, e que no concello necesitanse investimentos , e destinando os 30.000 euros que esixen as bases, quedarían sobre 145.000 euros para levar a cabo investimentos importantes e necesarios.

Di tamén que ve ao Sr. Alcalde un pouco obsesionado con este tema, pensando en chegar a cero antes das vindeiras eleccións municipais, na campaña electoral do 2019, e non en dinamizar o concello e facer investimentos que poidan crear emprego e atraer poboación; todo o que supón un deber de todo dirixente político. Parécelles máis un xestor e unha persoa que está para cadrar as contas espremendo ao máximo, crendo que se equivocan, aínda que o sacarán adiante ao ter maioría absoluta no pleno. O concello necesita de investimentos e de ideas, poñendo como exemplo, empezar a pensar no que é o transporte interior, facilitar a volta á casa dos nosos escolares despois das actividades, axudas aos pais que teñen que pagar o comedor escolar (dende a última lexislatura do PP na Xunta de Galicia) e non ter que pagar en función da renda, cando todos sabemos que existe un 25% de fraude neste país, ...medidas todas para intentar asentar a poboación, porque se está a perder, crendo que o grupo de goberno vai ao



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



fácil, e hai que ver as necesidades, por onde se vai empezar, dándolle a sensación de que hai unha falta de traballo e compromiso cos veciños e veciñas de Vedra.

O Sr. Castro do BNG-AA expón que o equipo de goberno acaba convertendo un plan de 174.000 euros nunha operación totalmente inocua, é dicir, que non ten na práctica afección ningunha. O único que se fai levando a cabo este plan da forma que se formula é cambiar de prestamista, pasando dun privado a unha administración pública.

Di que o equipo de goberno está a levar a xestión do concello como unha empresa privada, entendendo que o balance económico e a prestación dos servizos por parte do concello non ten porque obedecer a criterios economistas, senón que responda a unha prestación de servizos socialmente xustos, a recadar ingresos e a repercutir as cargas de maneira socialmente xusta, e atopámonos que nestes momentos o concello está nunha situación crítica, nun punto posiblemente de non retorno, comezando pola situación demográfica que temos que vai dar para largo, incluso para o debate dun pleno, e que hoxe parece ser que a prensa facilitou datos sobre a nosa situación poboacional, que en contra do que previamos, estamos por debaixo dos 5.000 habitantes. Sexa certo ou non, o que si estamos é nun punto de non retorno porque se baixamos un par de ducias de habitantes estamos por debaixo, e posiblemente esa situación sexa reversible, polo tanto cree que este plan totalmente inocuo da maneira que se formula, basicamente é unha perda de oportunidade. Están a matar o concello por inanición, e urxe artellar medidas estruturais para salvar esta situación de emerxencia demográfica, comezando por solucionar carencias graves na prestación de servizos básicos como o transporte público, e cos 6.000 euros orzamentados non se pode facer nada, e poñer ideas imaxinativas e cartos. Tampouco hai traza dun plan de vivenda social, é imprescindible renovar o PXOM, e non existe dotación orzamentaria para iso, e no tocante ás axudas sociais e no ensino como becas e axudas ao estudo xa no debate dos orzamentos se viu que existen unhas cantidades ridículas; os dependentes aumentan, a demanda de servizos aumenta, non se formula a prestación doutros novos, como noutros concellos, como o comedor sobre rodas ou lavandería; botan en falta un apoio escolar aos nenos/as con dificultades e falta de recursos, e sen embargo deixan pasar esta oportunidade de 174.000 euros para cambiar de prestamista.

Para rematar di que polo exposto, votarán en contra da aprobación do plan que se presenta, propoñendo como alternativa, que dado que aínda hai tempo para a súa aprobación, se retire a proposta, se formule noutros termos con investimentos, no sentido que acaba de expoñer, e se aprobe noutra sesión plenaria.

Intervén de novo a Presidencia e di que a oposición está a describir o concello como un desastre total, e el cre que é todo o contrario, a xente que vive en Vedra ten unha prestación de servizos altísima, que valoran fronte a calquera outro concello da redonda. Sinala que non escoitou da oposición medidas concretas, si as do PSdG-PSOE, como o saneamento de Vedra, que non están cuantificadas, pero podemos ter todos unhas ideas moi bonitas pero hai que cumprir unha normativa estatal, ademais de propoñer outras que non son investimentos senón gastos que non permite o plan, que ao mellor non podemos acometer nin existe forma de acometelos, polo que lle solicita unha valoración económica das propostas, como é do caso do transporte, paradas, horarios, frecuencias...etc, aínda que evidentemente eles tamén van estudar. En canto ao tema da vivenda social, discrepa co BNG-AA, cando existen aquí ao carón, en Lestedo unha cantidade importante de pisos con prezos baixos sen vender, non así no tema da modificación do PXOM, que entende que todos están de acordo na necesidade de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



ampliar os núcleos rurais, para que as familias poidan construír as súas vivendas unifamiliares, e así poder fixar poboación, pero hai que falar con papeis enriba da mesa, e crear incluso unha mesa de traballo sobre do tema da poboación composta por persoas que non sexan políticos para falar deste problema, que non é exclusivo deste concello, posto que se as defuncións supoñen o dobre dos nacementos por moitas medidas que se adopten non hai forma de cadrar matematicamente os números, aínda que entende que se deben tomar medidas ao respecto.

Por último di que toma nota do formulado neste pleno e que se debaterá con urxencia nunha mesa de traballo, porque efectivamente todos teñen que traballar na mesma dirección; agora ben, que hoxe decidan cos recursos deste plan amortizar un préstamo non significa que mañá non vexan a oportunidade de que cun préstamo, dado que o nivel de endebedamento municipal non é alto, se poida acometer un servizo básico, como pode ser o saneamento integral da parroquia de Vedra, comezando polo CPI. Pero hai que coñecer de antemán a canto ascendería o orzamento do investimento, e non se trata de esperar anos luz, de feito cun dos técnicos xa se falou dunha primeira idea. Outro tema -di- son servizos novos cos gastos que supoñen, e en canto ao comedor escolar di que cerca do 80% do alumnado de Vedra non paga comedor escolar e os que pagan o máximo, 4,5 euros/día, é porque a situación desas familias é boiante.

Dona Beatriz Amenal dille á Presidencia que non poña na súa boca palabras que non dixo, que nunca manifestou que a xente quixese marchar deste concello nin que este fose un desastre; o que si cre é que se ben temos un concello con moitos servizos, ben é certo que había algún que xa non existe, como o de fisioterapeuta, que se quedou de reponer e non se fixo, e hai moitas persoas maiores con dificultades que lles viña moi ben, e outros servizos como o da ludoteca foi o primeiro que se subiu, e se ben o diñeiro deste plan non serve para investir aí, son medidas para fixar poboación.

Sinala tamén que dixo que había que cuantificar as propostas presentadas, pero para iso están gobernando eles, e con algunhas dedicacións exclusivas, con técnicos á súa disposición, por iso lle critican a súa desleixa, porque el fala de mañá, pero para mañá xa deixamos a débeda, porque esta proposta non deixa de ser o cambio dun préstamo por outro, e dentro dun par de anos temos que comezar a pagalo, e estamos a deixar de investir en algo necesario para os veciños e veciñas de Vedra, que suporía ademais a creación de emprego, considerando que é moito pospoñer, é hora de actuar xa.

Para rematar di que cren que o equipo de goberno se está a equivocar, aínda que teñen maioría absoluta e son os que gobernan o concello, e quere matizar que no tocante aos comedores escolares pode que agora o 80% do alumnado non pague, pero antes non pagaba o cento por cento, que esas familias xa pagan os seu impostos en función do seu nivel de renda, converténdose Galicia na única Comunidade Autónoma que rompeu o acordo acadado polo que o alumnado transportado a máis de 2 quilómetros estaba exento do pago dos comedores.

O Sr. Castro di que en ningún momento se dixo aquí que a xente marchase de Vedra espantada, simplemente se trasladou a realidade demográfica que cre que coñecen todos os presentes, aínda que alguén a queira ignorar. Respecto do tema do transporte en concreto, di que no debate dos orzamentos a Presidencia citou unha frase “é un mal endémico”, que no seu caso é aplicable a todo, coincidindo con el en que efectivamente hai boas ideas e fan falta cartos, pero esa é a súa proposta, temos 174.000 euros, entón iso non é a escusa, ao mellor é que o que faltan son ideas.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Sinala tamén que o Sr. Alcalde sempre coincide co BNG-AA de que cómpre renovar o PXOM, que se fixo un pedimento xa hai tempo, é unha proposta da lexislatura anterior e que levamos medio ano desta e que neste exercicio non se vai facer posto que non existe dotación orzamentaria, co cal no que non coinciden é nos prazos e na súa execución da proposta, quedando en boas palabras que para o BNG-AA non son suficientes.

O Sr. Pose do BNG-AA expón que hoxe entrevistaron ao Sr. Alcalde na Cadena Ser, crendo que o corte cómpre colgalo para que os veciños e veciñas o poidan escoitar. A Cadena Ser -di- daba a nova de que todos os concellos da redonda de Santiago medraban e o único que decrecía era Vedra, entrevistando tamén ao Alcalde de Ames para que explicase cal era a súa política, afirmando que o seu concello medraba como consecuencia das políticas adoptadas en vivenda e comunicación, é dicir, PXOM e transporte, indicando tamén que hai pouco leu no xornal que Teo acadou un acordo para abrir unha liña de transporte que conecta o concello coas rutas metropolitanas de Santiago e está a negociar con cinco empresas, ao igual que levaban eles no su programa electoral. Ademais din que a Xunta está de acordo neste tipo de temas, proponéndolle que reserve 80.000 euros para modificar o PXOM e co resto negocie coas empresas para o transporte, e se sobra algo que amortice débeda, porque vai ser o Alcalde de Vedra que baixe dos 5.000 habitantes, e non lle pida a eles que lle fagan os cálculos das propostas, posto que el é o Alcalde con maioría absoluta.

Na citada entrevista -continúa- cando lle preguntaron pola política de vivenda, afirmou que lle gustaba, que estaba moi ben, porque “temos un concello con moito encanto”, cando temos un PXOM malo e perdendo habitantes, sobre 35 habitantes cada ano, co cal dentro dun par de anos ou antes estamos por debaixo dos 5.000 habitantes.

Intervén a Presidencia e dille ao Sr. Pose que lle sorprende a tensión coa que se expresa, que se vai falar diso largo e tendido e que as cartas estarán sobre da mesa, que non se poden comparar concellos, e que se escoitou a entrevista pode comprobar que en relación ao PXOM, que a súa idea para Vedra era dun concello cunha poboación ideal duns 5.500 habitantes polos servizos dos que se dispoñía, pola forma de vivir do concello, coa construción de vivendas unifamiliares e non de desenvolver os solos urbanizables, e que efectivamente o tema do transporte era unha das deficiencias que tiñamos; pero que non é tan fácil de solucionar. En canto a Teo, polo de agora só son papeis que hai que ver na realidade, dado que é máis complexo que chegar ao pleno e dicir transporte interior, que vai facer el os cálculos sobre frecuencias, custos...etc Tamén di que hai que ler as convocatorias antes de vir ao pleno, posto que dubida moito que certas propostas encaixen neste Plan PAI, que si permite incluír certos investimentos pero nunca gastos. O que se está a discutir agora é un debate do estado do concello, que se pode facer en calquera momento, que non se vai amedrentar nin lle asustan eses debates, pero con datos e non so con ideas.

O pleno, con sete votos a favor do PP e seis votos en contra do PSdG-PSOE e BNG, acorda aprobar a citada proposta..

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre do gasto social, en función dos datos estatísticos que figuran no Ministerio de Facenda, a Presidencia di que basicamente aparecen unhas cifras maiores nos anos 2009-2010 debido en parte ao Plan



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



E, pero fundamentalmente porque aí están reflectidos os gastos dos programas de cooperación da Xunta de Galicia: brigada verde, protección civil, brigada de obras, ...etc que neses exercicios viñeron para contratos de maior duración que nos exercicios posteriores; así no 2009 financiaron 6 persoas para PC, 5 brigada de obras, un fisioterapeuta, albaneis de obras,...etc

--As preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, a Presidencia contesta:

1.-Sobre do punto de limpeza e abastecemento de auga para autocaravanas, di que aínda non está decidido, e que Ponte Ulla é un sitio válido perfectamente.

2.- Polo que respecta ao problema na pista que vai de Quintas á Torre, di que efectivamente hai moitas cunetas e gábeas que non dan saída a tanta auga en momentos puntuais de moita choiva, que se limparán , que se non se fixo xa, foi debido ao mal tempo e tamén a que se tiveron que atender outros sitios prioritarios por entrada de auga nas casas, etc, pero que se fará en breve.

--Aos rogos e preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE:

1º.- Sobre do lavadoiro de Fontao, que tentarán limpalo tan pronto sexa posible, e que o Sr. Lestón sinalaba *“...aconsellándolle que este tipo de construcións como lavadoiros, fontes, muíños, ... etc estarían que estar máis decentes, se ben é coñecedor de que os recursos humanos e económicos do concello son limitados..... leván aí moitos anos e teñen un interese histórico e cultural, ademais de moito cariño por parte dos veciños/as, polo que hai que conservalos.....”*, facendo unha reflexión en alto, pois moitas veces a pedimento dos veciños límpanse lavadoiros ou fontes, que case sempre (por non dicir sempre) volven ao pouco tempo estar cheos de maleza, chegando á conclusión de que alí non foi nin vai ninguén.

Di tamén que está de acordo en que o ideal sería manter todo isto impecable, pero como moi ben di o Sr. Lestón, “os recursos humanos e económicos do concello son limitados”, non son ilimitados, e hai que dar prioridades, e os mesmos fanse necesarios noutros sitios ou lugares, polo tanto sitios que se usan, ou mesmamente que os propios veciños e asociacións de veciños colaboran (como xa pasou noutras parroquias, Trobe, San Pedro de Sarandón ou San Miguel), onde o máis gordo ou esa primeira limpeza a fondo a fai o concello, logo son os propios usuarios ou veciños ou asociación de veciños quen cun mínimo mantemento, e case sen darse conta, a manteñen ben todo o ano. Agora ben, o que lle parece que carece de sentido é que cando os recursos son limitados, se destinen a sitios que despois en 4 anos ninguén foi a ese lavadoiro, e ninguén lles volveu a pedir que se limpara.

En calquera caso, tan pronto se poida limparase o lavadoiro de Fontao.

2º.- En canto ao rogo para que se solucionen os problemas de humidades no pavillón, di que están con iso.

3º.- Polo que respecta ás obras na gardería municipal, di que faltaba por poñer a canle (que xa estaba contratada xunto co resto das obras que se fixeron). Xa está colocada.

Con respecto as baldosas sinala que non tiveron ningunha queixa, incluída a gardería. De todas formas que se puxeron á fala coa directora e comentoulles que en tempo de choiva cubrían con alfombras para o paso e que os nenos alí non saían a xogar, e que tampouco nunca recibiran ningunha queixa por parte dos usuarios.

4º.- Sobre do traslado dos atranques dos Xenerais da Ulla á Festa da Camelia, di que quere deixar claro dende o principio que nin el quere levar o Entroido para Santa Cruz,



nin os Atranques Municipais van volver a ser en Santa Cruz, nin nada polo estilo. O de este ano é algo absolutamente excepcional, e así o dixeron no seu momento e o seguirán dicindo a moita xente. De feito o Entroido municipal foi en Vedra (algo obvio) e sempre seguirá sendo en Vedra. Máis claro e contundente non pode falar, pero a verdade é que levábamoxa un par de anos arrastrando un problema, (que vostedes coñecen e que non ten nada que ver co parroquialismo), e é algo tan sinxelo como a existencia de intereses contrapostos na xente que vén e participa no Entroido municipal, entendido este como esa tarde onde o concello organiza o concurso de disfraces, comparsas, carrozas, etc, etc, e onde participan moitos pais e nais cos seus nenos e nenas.

Pois ben, hai un sector de poboación, non o van negar, que queren que ese día e no medio de toda a troula participen os xenerais cos seus cabalos, atranques, etc, pero hai tamén un importante sector da poboación que participa tamén ese día e que considera que nin é o momento nin o lugar máis idóneo para que participen os xenerais cos seus cabalos; asegurando que precisamente estes últimos anos que choveu, e onde obviamente había que meter os xenerais e os cabalos debaixo das carpas, tiveron moitas queixas e protestas, e nunca pasa nada ata que un día pasa algo. E alguén lle pode dicir: *“bueno, pero hai pais que levan aos seus nenos aos atranques doutros sitios ou parroquias”*, efectivamente, pero existen diferenzas importantes. A fundamental é que ese pai ou nai non vai a un concurso ou desfile de disfraces para nenos organizado polo concello. Pois ben, este ano fixeron unha reflexión analizando o que pasara en anos anteriores e tomando nota desas queixas de moitos pais e nais, decidiron facer un cambio ou unha proba, como lle queiran chamar, e abrir o debate.

Non sabe se acertaron ou non, agora chega o momento de reflexionar, falar, preguntar, escoitar a todos, fundamentalmente na pregunta de se deben estar xuntos ou non o concurso de disfraces e os xenerais, etc, etc, etc, e ao falar dos Xenerais non poden esquecerse que os atranques municipais comezan en Vedra no 2008-2009, e que este goberno do PP a partir de 2011 redobrou os esforzos en promocionar os xenerais. Así estiveron e están en primeira liña na creación deste grupo de 8 concellos na súa defensa, no recoñecemento como festa de interese turístico galego, na súa promoción, etc, etc,

Pois ben, ¿que pinta Santa Cruz este ano en todo isto? Pois sinxelamente que este ano 2016 tamén dándolle unha volta á Festa da Camelia, e dado que xa tomaran a decisión este ano de non mesturar o concurso de disfraces, parrandas, etc cos xenerais e os seus cabalos, pois en vez de que non houbese atranques municipais, por que non, e de forma excepcional, organizalos noutro escenario diferente? Pois por que non na Festa da Camelia? E non porque se celebre en Santa Cruz, pois se coincidira nestas datas a festa da augardente en San Mamede, por que non alí?. Nada máis, non hai nada máis. En fin, por un ano, e de forma excepcional, un público diferente, un escenario diferente e unha forma máis de seguir promocionando.

Pois ben, estas son as explicacións, coas que se poden estar de acordo ou non, e nas que poden estar acertados ou equivocados. Agora chega o momento das reflexións. Valorarán e seguro que adoptarán a mellor e máis razoable decisión para todos.

5º.- Di o PSOE que *“hai un desequilibrio claro de actividades e obras no Concello de Vedra”* e máis adiante di *“descoñecendo que intereses ten o Sr. Alcalde en mandar todo para esa parroquia”* (facendo referencia a Santa Cruz). Sinala que para facer afirmacións dese tipo, teñen que vir acompañadas de todos os datos obxectivos e comparativos... e non os traen. E xa adianta, como xa lle dixo o outro día, que non teñen razón.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Centrándose nas actividades que é o que toca hoxe, e outro día falaremos das obras, saben perfectamente a actividade semanal que teñen as instalacións públicas aquí na capital, na parroquia de Vedra (biblioteca, casa da terceira idade, pavillón, etc), a modo de exemplo e non exhaustivo, o pavillón xa está copado ao completo coas actividades deportivas, algunhas das cales se teñen que dar noutros locais, como judo na Casa do Antigo Xulgado, ou pilates na Casa da Terceira Idade, pero é que a biblioteca está de luns a xoves de 19:30 a 21:00, 21:30 coas clases de inglés para adultos, e o centro da terceira idade coa ximnasia para maiores, obradoiros, coral, teatro, charlas, etc, etc, o cal é un gusto e un orgullo que isto sexa así.

Pero é máis, falando de actividades estacionais, tamén se fan aquí (semana da ciencia, entretempo de outono, escola de verán, Entroido municipal, etc, etc), e aínda máis, cousas que se facían en Santa Cruz, como a BTT da camelia, pois gobernando o PP trouxérona para Vedra, e incluso este ano, unha cousa nova como e a I carreira solidaria tamén a fixeron en Vedra, ou o tradicional concerto de Nadal da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, este ano foi na Casa das Artes en San Fins (por certo, casa das artes que recuperaron e revitalizaron con máis actividades, porque é certo que Vedra é o centro, pero tamén é certo que teñen que dinamizar outras zonas), polo tanto non teñen razón no que din.

El fala duns exemplos concretos: a ITV cre que xa quedou aclarado noutra pregunta que fixo anteriormente, e no tocante á escola de familias e ás charlas de drogas a explicación e tan sinxela como lóxica (pregúntelle aos técnicos se quere), pois a primeira opción era Vedra, pero ao coincidir en horas e días que xa os locais de Vedra tiñan programadas actividades tiñan que ir a un plan B, e ese plan B é que temos un centro de formación (Casa da Estación de Santa Cruz), que está perfectamente habilitado, fácil de aparcar, de chegar, etc, nada máis, e eses edificios están tamén para usar, así de sinxelo, e xa permitíndolle a expresión, onde xa se pasan de freada é no do festival da gardería, posto que é a dirección da gardería quen lles pide o local, e que a eles lles dá igual o espazo do concello que utilicen, se o queren facer na Casa das Artes, na Terceira idade, onde queiran, escólleno eles.

Conclusión, o que insinúa con esa pregunta, non é certo.

--Ás preguntas do Sr. Castro do BNG-AA, a Presidencia contéstalle:

1.- En relación ao Parque Empresarial de Vedra, di que, os avances durante este último medio ano tradúcense en que dentro do proceso de tramitación do Proxecto de Sectorización do Parque Empresarial cerrouse o informe de patrimonio (finalmente informado favorablemente) e a tramitación do informe de medio ambiente (tamén informado favorablemente con condicións).

Na actualidade estase traballando en colaboración co equipo redactor na configuración da documentación requirida por medio ambiente, coordinación igualmente coas empresas subministradoras de abastecemento, saneamento e electricidade para a realización de informe sobre a capacidade do subministro ao sector, e coordinando todo iso coa Xunta para preparar a documentación para a aprobación provisional e definitiva, e logo poder de forma realista desenvolveo por fases ou polígonos.

2º.- En canto á compra de produtos para o servizos de madrugadores en Alcampo di que deben ser cantidades minúsculas, sen a máis mínima importancia ou repercusión, imaxinando que que son tickets de cousas que por horario ou por oportunidade física ou de lugar aconsella collelo aí e non facer quilómetros para compralo nun supermercado local. De calquera xeito pasarán o aviso.



3º.- Á pregunta sobre se se están a reverter as taxas de saneamento que paga a veciñanza á empresa Viaqua, SAU, di que non, que non se están a reverter.

4º.- Sobre das obras de ensanche da estrada de San Miguel, di que é da Deputación, as obras estanse a facer pola Deputación e conforme ás indicacións da Deputación, co cal está seguro de que cumpren a normativa legal aplicable.

5º.- Polo que respecta á pregunta sobre do Entroido e os Xenerais da Ulla, di que xa foi contestada xunto coa do Sr. Lestón.

--Ás preguntas do Sr. Pose do BNG-AA, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre do problema que houbo nunha canalización de auga en San Fins de Sales, di que o día da pregunta no Pleno xa estaba arranxado o problema por parte da empresa adjudicataria. Había unha fuga nunha unión para unha casa, que está sen conectar aínda. De todas maneiras estase a facer un seguimento tamén por parte dos técnicos do concello por se xurde algunha outra cousa para requirirlle á empresa. E o aval non se devolveu aínda.

2º.- En canto á normativa para a concesión de subvencións, di non hai ningún problema en crear unha comisión, etc, e de feito cre que poden estar todos de acordo, todos teñen moi boa vontade, pero hai que adaptala á Lei de Subvencións. Convenios, subvencións as dúas teñen as súas vantaxes e inconvenientes, e probablemente o mellor sexa unha combinación das dúas. De feito convenios xa hai con determinadas asociacións: escolas de música, club Olímpico, asociación Senunpeso,... E este ano o que si queren é que ao igual que hai unha convocatoria de subvencións para o deporte, tamén a ten que haber para cultura e demais. A súa idea é a de seguir axudando, facilitando e favorecendo a enorme actividade que nace do pobo de Vedra. Convocaran unha comisión para falar do tema.

3º.- Sobre do avogado, di que hai un contrato novo e que está á súa disposición.

4º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Canto se leva investido nos dous campos de fútbol do concello, o de Santa Cruz de Ribadulla e o San Mamede de Ribadulla, durante os anos 2015 e 2016.

2º.- Na Xunta de Goberno do 21/02/2016 aprobouse unha factura de data 08/01/2016 de Inteaga Enxeñería S.L pola medición dunha finca en Pousada de Arriba, a que corresponde?

3º.- En San Xián de Sales hai unha denuncia dun veciño por un muro de contención que se está a levantar na entrada dunha pista que xa no seu día se levantou e derrubou, e agora está alí a brigada de obras, pide que explique no pleno o que realmente pasou. Pregunta ademais que empresa fixo esa obra? Presentou aval? Porque entende que algunha responsabilidade terá a parte da do concello pola vixía das obras.

4º.- Solicita que se revise a páxina web posto que hai actas que faltan por colgar.

5º.- Na Xunta de Goberno do día 21 de xaneiro acordouse solicitar á Consellería de Economía unha subvención para o fomento do emprego, para obras e servizos de PC, brigada verde e tamén outra para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social. Que obras se pensan levar a cabo? Cantas persoas se pretenden contratar? Que publicidade se lle vai dar?



--Don Ramón Manuel Lago Lestón do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- No tema do Entroido o que lle choca é que se colocase unha carpa e non se utilizase, posto que cando se coloca é porque se ten a previsión de que vai chover, como así foi, e se ben as 16: 00 horas chovía moito non así as 17:00 horas. Canto custou colocala? Porque non se utilizou?

A Presidencia di que descoñece canto custou pero que nese momento el estaba noutro acto e que non puideron localizalo, e que o problema era se se suspendía ou non, que non se fixo porque comezou a chegar algunha xente, polo que se decidiu trasladalos para a Casa da Terceira Idade, porque dados os refachos de vento era moi perigoso utilizar a carpa.

O Sr. Lestón sinala que o Sr. Alcalde dixo que a razón de que non se fixese o Entroido no Pavillón era polos cabalos, pero este ano que non había atranques, ao carón da carpa hai un pavillón perfectamente habilitado, rogando ademais que cando se monten as carpas se teña en consideración o tema dos autobuses escolares, posto que lle consta que o Sr. Viaño máis dunha vez xa se queixou neste sentido, e que se instalen despois de marchar os autobuses, porque puido comprobar que nunha hora queda lista.

2º.- Solicita que se coloque unha especie de valo quitamedos nunha curva que hai en Fontao -Vedra, que pediu un veciño, dado que se trata dunha curva co peralte cambiado que está en baixada, onde se forman sempre placas de xeo, achegando fotos e coordenadas.

3º.- Di que en relación aos atranques dos Xenerais da Ulla, nunca dixo que non quería que se levasen para Santa Cruz, ogallá se puidesen facer en todas as parroquias, o que non quere é que se deixen de facer en Vedra, onde se levan facendo dende hai moitísimo tempo e non dende o ano 2008 como dixo o Sr. Alcalde, e haberá que buscar solucións que contenten a todos, ampliar a carpa, colocar un valado máis amplo, porque efectivamente hai xente que o considera perigoso.

A Presidencia contéstalle que unha cousa son os atranques municipais e outra a organización por parte das parroquias de entroidos.

4º.- No tema do gasto social, di que despois de catro meses esperando a resposta hoxe escoita que hai menos gasto social porque se deixaron de facer certas cousas, e que el formulou máis preguntas. Sinala ademais que no pleno do mes de decembro o Sr. Alcalde dixo que a pesares da crise económica se incrementaron os gastos en asociacións, ..etc e polo que acaba de contestar hoxe a el non lle consta que se incrementase o gasto social, cree que diminuíu.

A Presidencia contéstalle que o que dixo hoxe foi que nas cifras do Ministerio aparecen esas cantidades en contrapunto coas doutros exercicios, porque aí ían incluídos os gastos dos programas de cooperación da Xunta: protección civil, brigada verde, ...e agora esas brigadas xa non existen.

O Sr. Lestón conclúe que diga o que diga a Presidencia, o gasto social diminuíu, o que se puido incrementar é o gasto en servizos sociais, porque cada vez hai máis xente que os solicita, pero que o gasto social non é só os servizos sociais.

--O Sr. Castro do BNG-AA pregunta:

1º.- Di que en relación ao Entroido en Vedra sempre entendeu que sabía en que consistía, pero á vista das explicacións do Sr. Alcalde, que definiu unha situación tan



caótica, que semella que rapaces, cabalos e xenerais bailan todos dentro dunha pota, e se a situación realmente é así concedéuselle autorización ao Entroido de San Xián?

2º.- Emitíronse unha serie de facturas de finais do ano pasado e primeiros días deste relativas a materiais e pintado de gardería, obras no teito e outras na escola de San Xián, arranxos de fontanería en San Fins e outras en San Miguel. De que data son estas obras?

3º.- Con respecto ao programa de agroformación que se vai desenvolver en breve no concello, anunciouse unha charla informativa para o pasado martes pola mañá e outra pola tarde, cando o prazo de inscrición remataba ese mesmo día ás 14:00 horas. Cal é a dotación orzamentaria do programa, non só o que poida achegar o concello senón tamén doutros recursos ou medios? Cal é a agroformación? Cal é o obxectivo que establece o concello neste programa?

4º.- Sobre da preinstalación de acometida da auga en Nande e Matelo aproveitando a canalización que se está a facer, como se estableceu o prezo? Quen o cobra? Quen é o titular dese tramo de instalación? Que función tivo o concello, posto que lle consta que se mantiveron xuntanzas cos veciños para que entrasen nesa iniciativa de facer esa preinstalación? Cal é a postura de Viaqua SLU, como empresa adxudicataria dese servizo, posto que aínda non decidiron levar adiante a remunicipalización da xestión?

--O Sr. Pose do BNG-AA formula as seguintes preguntas:

1º.- Como está o tema dos audios dos plenos? Están colgados todos?. Roga que sexan visibles e facilmente accesibles dado que hai unha moción aprobada dende hai tres anos.

2º.- Sobre do muro de San Xián, expón que solicitou por escrito un informe técnico sobre a avaliación da construción, porque se trata dun muro de contención, posto que se ten que revisar el o expediente e sacar as súas propias conclusións, sen que llo conte o técnico que o validou, o tema pode acabar mal.

Tamén solicitou un informe do Sr. Secretario municipal para coñecer de quen é a titularidade do muro, e se existe algún convenio co propietario da finca que lle permita ao concello construír ese muro con traballadores municipais.

Di que este tema non ten boa pinta, e se todo é como parece a brigada municipal fai un muro fóra de ordenación, hai dous anos, e vólveo a construír agora na mesma aliñación, e resulta que está fóra de ordenación e a única desculpa é porque se trata dun muro de contención, non atopándolle ningún razoamento técnico e lóxico por iso solicita o informe técnico.

Sinala que cando o PP non tiña maioría absoluta nunca lle negou ningún informe, e agora que a teñen recibiu mediante carta unha certificación escrita para que pasase polas oficinas municipais para revisar o expediente, e o mesmo lle aconteceu co escrito presentado en relación ao contrato do avogado municipal. Quizais ao seu entender é debido a que levan poucos meses con maioría e teñen que afacerse a ese éxito tan rotundo, pero sería moi desagradable que entrasen nesa dinámica a acabaran converténdose naquilo que repudiaron antes, posto que sempre dixo que con eles certas actitudes non se ían producir, e cando a oposición presentase algunha moción pola vía de urxencia se trataría en pleno, ou cando solicitase informes non llos ían negar, como lle fixeran a eles cando estaba na oposición.

--Dona Beatriz Amenal di que na Xunta de Goberno do 21 de xaneiro se lle prorrogou o contrato á empresa Clece, S.A, preguntando como está o proceso, e sinalando que a ela



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Ile consta que as traballadoras seguen a loitar polos seu dereitos, esperando que o equipo de goberno sexa exquisito á hora de adxudicar o novo contrato.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas.